

Prezadas familias:

Por fin imos comezar co Club de Costura do IES Valadares!

Neste club aprenderemos a traballar nun taller de costura: cortar, deseñar, coser, montar, probar, medir, etc.

Se a túa filla ou fillo son curiosos, gústalles a costura, deseñar, coser e aprender facendo, teñen agora unha boa oportunidade.

Por ser unha actividade extraescolar e voluntaria, haberá que cumplir unhas normas de comportamento e amosar unha actitude de colaboración e traballo.

As prazas son limitadas. Se algúun membro do club non cumpre as normas, terá que deixar a súa praza a outra persoa que estea interesada en participar.

Este curso escolar 2024/2025, o horario desta actividade será durante **algúns** luns ao mediodía (de 14:15 a 16:15).

A comida poden traela de casa (teñen microondas para quentala, se o precisan) ou mercala na cafetería (haberá que encargala e recollella no recreo, xa que pecha a mediodía).

As datas previstas para a primeira avaliación son as seguintes (poden sufrir algúun cambio por imprevistos ou outras actividades):

- Luns 28 Outubro
- Luns 11 Novembro
- Luns 2 Decembro
- Luns 27 Xaneiro
- Luns 24 Febreiro
- Luns 10 Marzo
- Luns 7 Abril
- Luns 26 Maio

Poderá engadirse algúun día máis, luns ou incluso algúun martes intesivo pola tarde. Irase vendo as disponibilidades e implicacións do alumnado.

No caso dos martes non terán autobús e, polo tanto, a volta aos domicilios correrá a cargo das familias.

Moitas grazas e un cordial saúdo.

Carmen Boado

Vicedirectora



Eu don/dona \_\_\_\_\_  
nai/pai/titor legal do alumno/a \_\_\_\_\_  
autorizo ao meu fillo/a a asistir ao Club de Costura durante o curso 24-25 nas sesións anteriormente indicadas.

Sinatura

Nai/Pai/Titor